

## O CERTAME MANUEL MURGUÍA DE ARTEIXO (1991/92 – 2020/21)

En xaneiro de 1991 o Concello de Arteixo púxose en contacto co profesor e escritor arteixán Henrique Manuel Rabuñal Corgo para realiza-lo “proxecto” dun certame literario. Este recorre a Xavier Seoane, coordinador de certames da Deputación Provincial, buscando asesoramento e experiencias contrastadas, e a partir destes contactos deseña as bases e outros pormenores do evento.

Foi o mesmo Henrique quen propuxo poñerlle o nome de “Manuel Murguía”, personalidade pola que persoalmente profesaba unha enorme estima e nacera xustamente no noso concello, no lugar de Froxel (Oseiro).

Logo, xa dende a súa orixe, **o certame foi concibido coma unha homenaxe á figura do noso Patriarca e coma mecanismo de promoción da nosa literatura, neste caso concreto, da nosa narrativa breve, un dos xéneros de máis tradición entre nós e necesitado, coma outros, de promoción.**

Houbo dende un principio unha clara intención de que o certame se consolidase, tanto pola súa estatura **e prestixio intelectual dos xurados e coordinadores**, aspecto que dende sempre foi especialmente coidado, coma pola **calidade dos autores e obras premiadas**, e aínda pola dotación económica en premios.

Nesta primeira edición o coordinador foi o encargado de todo o proceso: divulgación das bases, custodia das obras, xestión, coordinación e redacción das actas do xurado, comunicación do veredicto aos premiados, arquivo do material relacionado co premio, organización do acto de entrega e mesma da xestión da edición dos relatos premiados. Ademais, comprometeuse a entregar ao seu remate unha memoria.

Xa naqueles intres demandou a colaboración de medios humanos, materiais e económicos do Concello, cifrando provisoriamente en 500.000 pts os gastos. Tamén, neste mesmo momento, xa propuxo a **periodicidade anual** da convocatoria e a organización de **actividades complementarias** que engrandeceran o evento, fomentando a súa repercusión social na vida interna do concello e no ámbito galego en xeral. El mesmo manifesta na súa memoria que obtivo todo o apoio da Alcaldía.

O Pleno da Corporación Municipal, na sesión do 4 de abril de 1991, adoptou o acordo de organizar o certame coas bases propostas, designando definitivamente a **Henrique Rabuñal coma “coordinador técnico e xeral”**. No mesmo mes se lle encarga a Eduardo Casal o deseño artístico destas bases.

Xunto coas bases, en agosto, se editou e distribuíu unha epístola con vistas a darlle sentido e contextualizar o certame, contemplado coma **“mecanismo de enriquecemento da nosa vida cultural”**. Espállanse entre os 313 concellos galegos, os 147 afiliados da Asociación de Escritores en Lingua Galega, gracias á colaboración de Miguel Anxo Fernán-Vello, aos medios de comunicación, revistas, deputacións, universidades e

diveros organismos vencellados á cultura. Nesta fase o bibliotecario municipal, José Luis Alonso Torreiro, prestou permanente axuda.

No período de decembro de 1991 a xaneiro de 1992 as públicas tensións políticas recomendan ao coordinador unha estratexia de prudencia, sentíndose virtual e temporalmente desatendido. En febreiro, cando xa chegaran bastantes orixinais participantes, Xavier Rodo serviu de ponte para que de novo aparecese o certame no xornal "La Voz de Galicia". Esta colaboración tivo continuidade ao ser contratado este coma empregado municipal na área de Cultura.

En marzo ordénanse os **42 relatos** recibidos, configúrase o **xurado**, non sen certas dificultades e quedou conformado definitivamente polo profesor **César Carlos Morán Fraga, Xan Ignacio Taibo en representación da AELG e Henrique Rabuñal**, contando para isto coa inestimable colaboración do poeta Anxo Fernán-Vello. Neste mesmo mes, despois dunha xuntanza cos responsables municipais de Cultura, organízase unha "Semana Cultural" para o mes de maio, coma preludio do fallo do Premio.

En abril o xurado, tras arduas deliberacións, declara 5 relatos finalistas, decidindo non facelos públicos para evitar falsas expectativas ou presións. O 28 de abril o xurado adopta o fallo definitivo: **O primeiro premio queda deserto e outórgase o segundo (100.000 pts) ao relato "Fuxidos" de Xesús Manuel Marcos (estudiante de Dereito do Courel), e o terceiro (50.000 pts) ao relato "Para un clima supremo" de Xöel Gómez (xornalista de Ames).**

**A Entrega tivo lugar o 16 de maio de 1992 ás 20:30 horas no restaurante "El Gallo de Oro"**, contando coa presenza de representantes da vida política, académica, social, veciñal e cultural, así coma organizadores e premiados. Neste acto houbo **unha notoria ausencia de medios de comunicación e de moitos dos políticos da Corporación Municipal.**

**Neste 1º CERTAME DE NARRACIÓNS BREVES MANUEL MURGUÍA foi especialmente emotiva a carta que dende La Habana remitiu Xosé Neira Vilas.**

\*\*\*\*\*

Cando se rematou a primeira edición o Concello non resolve a convocatoria da segunda, coma sería de desexar , polo que as datas nesta **2ª convocatoria** tiveron que ser retrasadas. Contáctase de novo con Henrique Rabuñal en decembro do 92 e en xaneiro do 93, con certa precipitación, comezan os traballos preparatorios. Eduardo Casal deseña de novo artisticamente as bases, que sofren lixeiras variacións: establécese un **único premio dotado con 300.000 pts**. Engádense aos seus **obxectivos** o da **consolidación**, por ser a primeira edición unha iniciativa moi ben acollida polo público. O coordinador asume os mesmos compromisos, reclamando máis medios humanos, materiais e económicos e expresa a conveniencia de programar máis actividades complementarias de tipo cultural.

## **Amplíase a difusión das bases co seu envío ós Centros Galegos de Emigración en todo o mundo e ós participantes na primeira edición.**

En marzo convócase unha rolda de prensa para dar conta da memoria do 1º Certame e difundir a segunda convocatoria, rolda de prensa que foi emitida integramente pola Radio Municipal. En abril configúrase o **xurado** que estará formado nesta ocasión **polo profesor Xosé Manuel Fernández Costas, Xoel Gómez (gañador da anterior edición) e Xulio Valcárcel en representación da AELG, decidindo o coordinador actuar só coma secretario, sen voz e sen voto.** Neste mesmo mes o Concello contrata unha técnica de cultura municipal, que se incorpora ós traballos do certame, participando xa na programación e deseño da entrega do Premio.

En xuño deste ano resólvese non organizar unha semana cultural e **sí un acto literario e lúdico o día 23, no que se fará mención á figura de Manuel Murguía e unha avaliación do certame.**

**Doce relatos foron os finalistas**, seguindo coa idea de non facelos públicos, sendo a discreción e o rigor principios inspiradores do xurado. **O fallo outorga ex – aequo o Premio ós relatos “Relación de feitos de sangue” de Xavier Alcalá (A Coruña) e “Retrato antigo: pinturas e superficies” de José Antonio Lozano García (A Coruña).** **A entrega realízase o 23 de xullo**, editando o Concello un cartel cos actos programados, onde se incluía un concerto de M<sup>a</sup> Teresa del Castillo e Luis Evangelista. O lugar elixido será a Biblioteca Municipal e no acto o Alcalde estivo acompañado polo delegado da Consellería de Educación e o deputado de cultura da Deputación da Coruña. Ese mesmo día, durante o acto, coméntase xa a posibilidade de edita-los textos galardoados nestas dúas edicións.

\*\*\*\*\*

Felizmente a convocatoria da **3ª edición** resolveuse en datas idóneas. En outubro do 93 a técnica de cultura e o coordinador comezan a planificación do 3º Certame. En novembro Eduardo Casal realiza un novo deseño para as **bases**, que tamén sofren unha modificación, xa que **na 5 estipúlase que o galardón pode declararse deserto ou ser repartidor ex – aequo entre dous autores.** Proponse tamén un novo **obxectivo: o da continuación e definitiva consolidación do certame.** Así mesmo, cambiase o papel das bases, o seu envelope e a carta de presentación e na súa distribución incorpóranse os novos participantes e outras moitas persoas que así o solicitan. **O certame xa comeza a aparecer publicamente nas biografías dos escritores**, como é o caso de Xöel Gómez, e os medios de comunicación interézanse por obter información. O alcalde acompaña ao coordinador na presentación oficial que se realiza a través da Radio Municipal, e a prensa escrita reproduce este evento.

En decembro comezan os **contactos con Xulio Valcárcel para editar os relatos galardoados** na editora Sotelo Blanco. Tamén se falou con Edicións Xerais de Galicia, pero non fructificou esta iniciativa, porque os relatos non estaban redixidos conforme á normativa chamada “oficial”.

En marzo do 94 ordénanse os 26 relatos participantes e comézase a conformar o **xurado que quedará constituído por Luisa Villalta, representando a AELG, o profesor Eloi Rodríguez, e Chiqui Lozano coma gañador da anterior edición.**

**Deciden 3 finalistas entre os que resolven outorgar o Premio ao relato “A cela da arame” de Xesús Manuel Marcos,** que reside nestes momentos en Madrid e atopa serias dificultades para acudir á entrega. Finalmente **acode ao acto que se realiza o 17 de maio na Biblioteca Municipal. Nesta ocasión o barítono Antón de Santiago interpretou un repertorio galego moi ben acollido polo público asistente.** A entrega estivo presidida polo alcalde acompañado polo técnico do departamento de Cultura da Deputación.

\*\*\*\*\*

Na súa **4ª edición** o Certame Manuel Murguía comeza a consolidarse no panorama da vida cultural e literaria galega coma **un dos máis sobranceiros, pois é un dos poucos onde se prima só a solvencia literaria e onde non se discrimina aos autores por razón da normativa idiomática elixida, todas elas concorrentes a este certame en igualdade de oportunidades.**

En novembro do 94 xa se traballa na posta en marcha da 4ª convocatoria e moi particularmente na edición en Laiovento dos relatos que foran galardoadas nas edicións precedentes.

En febreiro do 95 xa está configurado **o xurado composto por Xesús M. Marcos, Mª das Dores Rivas Troiteiro e Xavier Alcalá.**

En abril elabórase un ciclo de conferencias nas que participan Manuel Lourenzo, Carlos Casares e Henrique Rabuñal. O 3 de maio **o xurado elixe entre os 35 presentados o relato “Cabalos do demo” de Isidro Novo coma gañador. Tamén fai unha mención especial ós relatos “Veña merenghe” e “María, o espello das ausencias”.**

**O acto de entrega do Premio, que tivo lugar o 13 de maio no “Gallo de Oro” (participando de novo Antón de Santiago), foi un rotundo éxito tanto polo alto nivel dos oradores coma pola rica presenza de persoas, incluíndo a representación de tódolos grupos políticos.**

**En xullo publícase, na Editorial Laiovento, o volume “Relatos” cos gañadores nas edicións anteriores e figura dúas semanas coma un dos máis vendidos.**

\*\*\*\*\*

Na súa **5ª convocatoria** o certame incrementa 50.000 pts **o Premio, quedando establecido en 350.000 pts.** Segue o mesmo modelo nas bases, no canto do seu deseño, pero modifícase a carta de presentación.

**O xurado quedou constituído por Miguel Anxo Fernán-Vello da AELG, Isidro Novo coma anterior galardoado e Teresa González representando aos profesores de lingua e literatura galegos, que tiveron que elixir entre os 39 relatos presentados.**

Precedendo o acto de Entrega, organizouse, xunto con dúas asociacións locais (Xiradela e AVV de Oseiro), un extenso programa de actos, entre os que estaba unha conferencia de Xurxo Lobato, outra de Felipe Senén e unha última do propio coordinador Henrique Rabuñal. A propia asociación de Oseiro organiza a presentación do libro de Murguía “En prosa, textos en galego” que publica en colaboración co propio Concello. Esta presentación realízase na igrexa de San Tirso (Oseiro) coa intervención de Manuel María. Ademais, nesta mesma parroquia se organiza unha “Homenaxe a Murguía” cunha ofrenda floral e actuacións folclóricas.

**A entrega do premio realízase de novo no “Gallo de Oro” o día 17 de maio de 1996 resultando gañador nesta ocasión Antón Riveiro Coello (Culleredo) co relato “O nome do espello”.** Complementou este acto unha actuación de música polos gaiteros locais Víctor e Tania e o alcalde estivo acompañado na mesa, ademais de polo xurado e o coordinador, polo vicepresidente da Deputación.

Durante este acto Henrique Rabuñal puxo o seu cargo á disposición do Concello, apelando á necesaria renovación das persoas e facendo votos pola continuidade do certame. O alcalde de Arteixo renovou o seu apoio pedíndolle publicamente que non abandonase a coordinación do certame.

\*\*\*\*\*

En outubro de 1996 propónselle de novo a Henrique Rabuñal a coordinación, aceptando continuar coa labor iniciada hai anos. Nas primeiras reunións de traballo acórdase incrementar de novo o **Premio, quedando establecido en 400.000 pts para a 6ª edición.**

Nestes momentos tamén se comeza a traballar na futura edición dos relatos gañadores en 1995-96 e 97, polo que se principia coas xestións pertinentes: contactos e orzamentos.

De novo no mes de novembro se fan públicas as bases, que xa chegan a **máis de 1.000 destinatarios** e se acompañan dun Saúda do propio alcalde. Se fixa coma **data de entrega o 24 de maio de 1997.**

Mentres se configuraba o **xurado, que para esta ocasión estivo constituído por Xosé Mª Alvarez Cáccamo da AELG, Antón Riveiro coma gañador e Miguel Mato Fondo coma profesor, chegan ata o Concello 65 relatos, o maior número de participantes ata ese momento no certame.**

**Oito foron os finalistas, dos que o xurado elixiu “Desaforados muños” de Marilar Aleixandre (Ames) coma gañador.**

**A Entrega do Premio foi moi concorrida, tanto por parte do público coma polos medios de comunicación, estando por primeira vez presente a propia TVG.** Nela actuaron as “Cantareiras de Xiradela” de Arteixo e se introduciu por primeira vez a **lectura dun conto infantil**, pois se elixiu a Tania Vázquez coma “Murguía Infantil” despois de realizar unha escolma entre os nenos/as participantes no “Concurso de Contos Manuel Murguía”, que organiza o propio Concello entre os escolares de Arteixo.

Para este acto oficial contouse coa presenza da delegada provincial de Cultura e do vicepresidente da Deputación.

A divulgación deste Premio quizá foi a máis importante dende os inicios do certame, tal vez debido, en parte, o propio carisma da gañadora, que chegou a ocupar importantes espazos nos xornais de maior tirada.

\*\*\*\*\*

En novembro de 1997 convócase a **7ª edición**, manténdose un único premio de 400.000 pts. Se incorporan novos enderezos ao banco de datos, que medra considerablemente cada ano pola inclusión de anteriores participantes e por outras persoas que así o solicitan, e se difunden as bases mantendo o mesmo deseño, papel e Saúda do alcalde. A presentación oficial realízase de novo pola Radio Municipal. Comezan tamén, con Francisco Pillado de Laiovento, os traballos para editar o segundo volume cos relatos gañadores nas edicións do 95-96 e 97.

En marzo recompílanse, clasifícanse e distribúenese os **28 relatos presentados entre o xurado, que está constituído pola anterior gañadora Marilar Aleixandre, a profesora Dores Castro Villar e o propio Francisco Pillado en representación da AELG.**

No mes de abril **aparece publicado “Airadas de palabras”** con repercusión na prensa e difusión entre as distintas institucións.

Tamén neste mes decídese a data de **Entrega do Premio**, quedando establecida para o **16 de maio** no restaurante “El Gallo de Oro” e xa se prevé a actuación dun grupo de alumnos/as avantaxados do Conservatorio de Arteixo. Tamén acórdase manter a participación no acto do “Murguía Infantil”, seleccionado entre os nenos/as participantes no “Concurso de Contos”.

Na primeira semana de maio o xurado establece **6 finalistas e definitivamente acorda repartir o premio ex – aequo entre dous autores: Alfonso Álvarez Cáccamo (Nigrán) polo relato “Cannis fugit” e Xosé Luis Álvarez (tamén de Nigrán) por “Amencer”.**

Mentres a Organización prosegue coas actividades preparatorias do acto de entrega, os xornais seguen publicitando o volume “Airadas de palabras” onde se recollen os relatos “Cabalos do demo” de Isidro Novo, “O nome do espello” de Antón Riveiro Coello e “Desaforados muños” de Marilar Aleixandre.

O día 16 prodúcese a entrega, estando presentes os dous gañadores e intervindo tamén a nena Lucía Rial Riveiro coa lectura do seu conto “Rex, un lagarto na miña casa”, sendo

loubado por parte dos participantes. Acompañan o Alcalde, o concelleiro de Cultura José Luis Vázquez Martínez, a delegada provincial da Consellería de Cultura e o vicepresidente da Deputación da Coruña. Asiste numeroso público, desbordando as mellores expectativas, representantes dos medios de comunicación: TVG, Cope, Axencias, etc e a Radio Galega fai unha entrevista aos gañadores. Tamén están presentes neste acto autoridades dos concellos limítrofes, profesores de centros educativos locais e chegados dende a Coruña e o propio Arsenio.

\*\*\*\*\*

No mes de outubro de 1998 o coordinador do certame (Henrique Rabuñal) mantén a primeira reunión coa técnica de Cultura (Sonia Iglesias), decidíndose o modelo de carta e as bases . Son editadas e distribuídas a 2000 entre participantes e entidades no mes de novembro.

O 7 de novembro faise pública a convocatoria do **8º Certame de Narracións Breves "Manuel Murguía"** coincidindo coa recompilación e presentación do libro "Airadas de palabras", no que se recollen as obras dos gañadores de edicións anteriores do Certame. Neste acto reivíndicase que a figura de Manuel Murguía se lle adique o día das Letras Galegas. A dotación do Certame mantense en 400.000 pts.

Concluído o prazo de presentación dos relatos orixinais (38), estes son enviados ao xurado constituído por: Manuel Álvarez Torneiro (AELG), Afonso Álvarez Cáccamo (gañador da 7ª Edición), Tareixa Meixide (profesora) e Henrique Rabuñal (coordinador), que **acordan conceder o premio ex aequo ós relatos "O río da tristura" e "Sámago", dos autores Manuel Riveiro Loureiro e David Pérez Iglesias**. No concurso de contos infantil "Manuel Murguía" resultou gañador "un ollo de vidro en San Amaro" realizado polo colectivo Brincadeira do IES de Sabón de Arteixo.

O acto de entrega lévase a cabo o 15 de maio no Centro Cívico Cultural de Arteixo, acompañándose polo espectáculo do "Xove Ballet da Coruña".

Entre outras personalidades asisten ao acto de entrega do premio: Arsenio Iglesias, a delegada de Cultura Isabel García Vila e o vicepresidente da Deputación Antonio Gómez.

\*\*\*\*\*

En outubro do 99 lévase a cabo unha xuntanza entre o coordinador, Henrique Rabuñal, o concelleiro de Cultura, Juan Antonio Mouzo Grille e a técnica de Cultura, Sonia Iglesias para desenvolver a organización da **9ª convocatoria do certame** que coincide cun ano especial (dedícaselle o Día das Letras Galegas á figura de Manuel Murguía e será nomeado fillo predilecto de Arteixo). Nace pois unha nova edición do certame, que ten xa unha presenza consolidada no panorama dos premios literarios.

Dende o mes de outubro trabállase intensamente na preparación da edición do libro "Tecendo Panos" (prólogos, textos, fotografías,...) que recolle os catro relatos galardoados no Certame nas súas 7ª e 8ª convocatorias (1998-1999).

O 26 de novembro, contando coa presenza do escritor Manuel María, preséntanse as bases do 9º Certame, a 2ª edición do libro "Manuel Murguía" de Henrique Rabuñal e divúlgase o díptico "Proxecto Arteixo 2002".

A participación nesta edición chega aos 48 relatos. O xurado está integrado nesta ocasión por: Xesús Alonso Montero, Carlos Casares Mouriño, Manuel Riveiro Loureiro e Henrique Rabuñal Corgo. **O premio, dotado de 400.000 pts, recae ex aequo nun escritor consagrado, Xosé Carlos Caneiro, e noutro menos coñecido Xosé Luis Vázquez Somoza cos relatos "A ferverza" e "As flores en Irlanda" respectivamente.** No concurso de contos infantil resulta gañadora Carla Ángela Pérez Fernández do CEIP "Ponte dos Brozos" de Arteixo con "A lagoa azul".

O acto de entrega estivo arroupado pola presenza, entre outros, dos membros da Real Academia Galega e a actuación do músico César Morán Fraga.

\*\*\*\*\*

O día 1 de decembro do 2000 fanse públicas as bases do **10º Certame de Narracións Breves "Manuel Murguía"** nun acto no que se fai unha lembranza do "Programa Arteixo 2000 Día das Letras Galegas", culminándose cun concerto de "Antonio Seijo e grupo" acompañado das pandereteiras "Abiñadoira".

O 26 de febreiro do 2001 é designado o xurado do Certame que está integrado por: Mercedes Doallo (profesora), Xosé Carlos Caneiro (novelista), Miguel Sande (AELG) e Henrique Rabuñal (coordinador)

No mes de maio o Concello programa un ciclo de actividades para recordar ao escritor nado en Arteixo: música, letras, conferencias, exposicións de fotografía e teatro.

O número de obras presentadas nesta edición ascende a 50. **O xurado decide conceder "ex aequo" o premio, dotado con 500.000 pts e a edición das obras, ós relatos "Mares de Xabre" e "Palamedes e a Besta Ladradora", sendo os galardoados Rosa Aneiros Díaz e Xosé Luis Martínez Pereiro.** No concurso de contos infantil resulta gañadora Susana Queijas Señarís do CEIP "Ponte dos Brozos" de Arteixo con "A lavandeira de Zoxán", que neste ano, no que se celebra o X aniversario do Certame, dótese con 50.000 pts. A entrega desenvólvese o 19 de maio, contando coa presenza entre outros, de Rosa Gallego, xefa do servizo da Delegación de Cultura e Carlos Crespo, deputado de Cultura, rematándose o acto coa actuación de Cántigas da Terra.

\*\*\*\*\*

O 1 de decembro de 2001 preséntanse as bases do **11º Certame de Narracións Breves "Manuel Murguía"** rematando o acto coa actuación da Coral Polifónica "Follas Novas".

O xurado designado para esta 11º edición do certame está formado por Xosé Lois Martínez Pereiro (escritor), Francisco Fernández Naval (AELG), Cristina Galán Rapp



(profesora) e Henrique Rabuñal(coordinador). O número de relatos presentados nesta edición foi de 70 (o máis alto da historia do certame).

No mes de maio de 2002 desenvólvense diversas actividades: exposición sobre “Frei Martín Sarmiento”, concerto de Blues pola Big Bottom Banda, espectáculo multimedia con Xoán Rubia e Eva Veiga, exposición de pintura de M<sup>a</sup> José Pita, ofrenda floral no monolito de Murguía e teatro .

**O xurado decide conceder “ex aequo” o premio, dotado con 3005,06 euros e a edición das obras, aos relatos “A flor perfecta” de Emma Pedreira e “Soñar pedras con fútbol” de Daniel Asorey Vidal.**

**No concurso de contos infantil resulta gañadora Andrea González Blanco do CEIP “Curros Enríquez” de A Coruña con “O peixe que non sabía nadar”.**

Nesta edición publícanse relatos inéditos, escritos exclusivamente para a celebración do 10º aniversario, no que os gañadores do Premio de Narracións Breves “Manuel Murguía” (1991-2001) ven recollidos os seus escritos nun libro que leva por título *Paisaxes con Palabras*. Para conmemorar dito aniversario realizouse un xantar no que participaron diversas personalidades da literatura galega e desenvolveuse un acto de homenaxe no exterior do Centro Cívico Cultural de Arteixo que consistiu na plantación dunha árbore e o descubrimento dunha placa conmemorativa onde se proclama o compromiso do Concello de Arteixo coa lingua e a cultura de Galicia.

Con motivo do pasamento do noso benquerido Carlos Casares realizouse a proxección dun vídeo recopilatorio na lembranza do escritor galego no que se recolleron os seus momentos entre nós e a proxección de imaxes da historia do certame.

A entrega do premio desenvolveuse o 1 de xuño de 2002, contando coa presenza entre outros de Marilar Aleixandre, Afonso A. Cáccamo, Xoel Gómez, Manuel Riveiro Loureiro, Antón Riveiro Coello, Isidro Novo, Jose Antonio Lozano García, Jose Luis Vázquez Somoza, Editorial Galaxia, Dona Isabel García Vila da Delegación Provincial da Consellería de Cultura de A Coruña e Don Carlos Crespo deputado de Cultura. Rematou o acto co Octeto Sine Nómine.

\*\*\*\*\*

A finais de novembro de 2002 convócanse as bases do **12º Certame de Narracións Breves “Manuel Murguía”**.

O xurado designado para esta 12ª edición do certame está formado por Emma Pedreira (gañadora do certame “M. Murguía” 2002), Yolanda Castaño (secretaria da AELG), Dolores Vilavedra (profesora da Universidade de Santiago de Compostela), e Henrique Rabuñal (coordinador). O número de relatos presentados nesta edición foi de 50.

No mes de maio desenvólvense diversas actividades: exposición de fotografía subacuática “Motivos do mar”, o espectáculo “Los nómadas” con Experimenta Danza-

Teatro, recital-concerto de Casahamlet, ofrenda floral no monolito de Murguía, e a exposición de pintura de “Abeleiro”.

**O xurado decide conceder “ex aequo” o premio, dotado con 3.665,00 euros e a edición das obras, aos relatos “As idades dela” de Paula San Vicente e “Comentario ao apocalipse” de Bieito Iglesias, así como facer unha mención especial e recomendar a publicación do relato “Estremonías” de Álex Alonso.**

**No concurso de contos infantil resulta gañadora Paloma Calvo Varela do IES “Sabón” de Arteixo con “Non quero a túa compaixón”.**

Nesta edición recóllense os textos premiados nas últimas tres edicións do certame, da autoría de Xosé Carlos Caneiro, Vázquez Somoza, Rosa Aneiros, Xosé Luis Martínez Pereiro, Emma Pedreira e Daniel Asorey, que levará por título “De soños e memorias”, e que continua a serie comezada por “Relatos” e proseguida cos volumes “Airadas da palabras”, “Tecendo panos” e “Paisaxes con palabras” (relatos inéditos, escritos exclusivamente para a celebración do 10º aniversario, no que os gañadores do Premio de Narracións Breves “Manuel Murguía” (1991-2001) ven recollidos os seus escritos).

A entrega do premio e a presentación do libro desenvólvese o 31 de maio de 2003, contando coa presenza entre outros de Vázquez Somoza, Rosa Aneiros, Martínez Pereiro, Emma Pedreira, Daniel Asorey, Dolores Vilavedra, Yolanda Castaño, Dona Isabel García Vila da Delegación Provincial da Consellería de Cultura de A Coruña. O acto rematou co recital poético musical de Teatro do Atlántico titulado “Ecos e voces dun tempo e dun país”.

\*\*\*\*\*

**No mes de novembro do 2003 fanse públicas as bases do 13º Certame “Manuel Murguía”**

O xurado designado para esta 13º edición do certame está formado por Lino Braxe, en representación da Asociación de Escritores Galegos, pola profesora Purificación Tejelo, Paula San Vicente, gañadora na anterior edición e Henrique Rabuñal como coordinador do certame. O número de obras presentadas nesta edición foi de 80.

No mes de maio desenvólvense as seguintes actividades: concerto de Los Fígaros (música de barbershop), exposición do VIII Certame de Artes Plásticas “Isaac Díaz Pardo”, representación da obra de teatro “El amigo de John Wayne” da compañía Ados Teatros (Esuskadi) e ofrenda floral no monolito de Murguía.

**No concurso de contos infantil resulta gañadora Elisa Marques Naveiras co conto “Soños de liberdade” do IES “Manuel Murguía” obtendo o Murguía infantil 2004.**

**O xurado decide conceder “ex aequo” o premio, dotado con 3.665,00 euros e a edición das obras, aos relatos “Detrás dos meus ollos” de Xosé Luis Álvarez de**

## **Nigrán e “A casa dos alicerces mariños” do profesor pontevedrés Xaime Domínguez Toxo.**

A entrega do premio desenvolveuse o 22 de maio do 2004 contando coa presenza entre outros de Dona Isabel García Vila da Delegación Provincial da Consellería de Cultura de A Coruña, Paula San Vicente, Lino Braxe, Puri Tejero,... O acto finalizou cun recital do grupo de música antiga Resonet.

\*\*\*\*\*

## **No mes de novembro do 2004 fanse públicas as bases do 14º Certame “Manuel Murguía”**

O xurado designado para esta 14º edición do certame está formado por Emma Couceiro, en representación da Asociación de Escritores en Lingua Galega, pola profesora Carme Rodríguez Ventoso, Xaime Domínguez Toxo, gañador na anterior edición e Henrique Rabuñal como coordinador do certame. O número de obras presentadas nesta edición foi de 80.

No mes de maio desenvólvense as seguintes actividades: actuación da orquestra de acordeóns Robaleira, charla-coloquio sobre Lorenzo Varela impartida por Antón Lopo, exposición “Palabras no vento: o Certame Manuel Murguía (1991-2005)”, representación teatral de Balea Branca coa obra “Un tranvía de nome desexo” e ofrenda floral no monolito de Murguía en Oseiro.

## **No concurso de contos infantil resulta gañador David Santiago Gómez co conto “Contra o tempo” do IES “Manuel Murguía” obtendo o Murguía infantil/xuvenil 2005.**

**O xurado decide conceder o premio, dotado con 3.665,00 euros e a edición da obra, ao relato “Aqueles que retratan o vento” de Inma López Silva de Bertamiráns (Ames).**

A entrega do premio desenvolveuse o 21 de maio do 2005 contando coa presenza entre outros de Emma Cruceiro, Carme Ventoso,... rematándose o acto coa actuación do grupo musical Camándula (música viva ao vivo).

\*\*\*\*\*

## **No mes de decembro de 2005 fanse públicas as bases do 15º Certame “Manuel Murguía”**

**O xurado designado para esta 15ª edición do certame está formado por Mercedes Queixas Zas, profesora de Lingua e Literatura Galegas e secretaria xeral da AELG, Inma López Silva, investigadora e escritora gañadora do XIV Certame ‘Manuel Murguía’, Antonio Pichel Lorenzo, tradutor e profesor e Henrique Rabuñal Corgo, escritor coordinador do Certame. O número de obras presentadas nesta edición foi de 53.**

As actividades que se desenvolven no mes de maio son: exposición: V Certame de artesanía “Antonio Fraguas”, Mofa e Befá (teatro): “Cultura para dar e tomar”, Nove-Dous (teatro) “Ondas”, Exposición: Escritores Homenaxeados no Día das Letras Galegas (1963-

2006), Ofrenda floral no monolito de Murguía en Oseiro, Casahamlet (teatro): “Do outro lado da ponte”.

**No concurso de contos infantil resulta gañadora Miriam Rey García co conto “Toribio das Grañas” do IES “Manuel Murguía” obtendo o Murguía infantil/xuvenil 2006**

**O xurado decide por unanimidade conceder o premio Manuel Murguía de Narracións Breves 2006, dotado con 3.665,00 euros e a edición da obra, ao relato “A caída da folla” de Xesús Manuel Marcos (galego que reside en Madrid).**

O 20 de maio ten lugar a Entrega do premio “15º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía”. Iníciase o acto cunha plantación dunha árbore conmemorativa do 15º aniversario e preséntase o volume **Contos da Baiuca**, editado por Espiral Maior no que se recollen as obras premiadas no certame dos escritores Bieito Iglesias, Xaime Domínguez Toxo, Paula San Vicente e Xosé Luís Álvarez. Contouse coa presenza de D. Celestino Poza Domínguez, deputado provincial de Cultura, Xaime Domínguez Toxo, Marilar Aleixandre, Paula San Vicente, Inma López Silva, ... rematándose o acto coa actuación de Estíbaliz Espinosa (Dúo soprano-musical).

**Tras 15 anos, cumpridos no mes de maio do 2006, o profesor e escritor Henrique Rabuñal Corgo, que nos acompañou dende a creación do certame deixou de asumir a súa coordinación apelando a súa longa traxectoria no certame e a necesaria renovación dos cargos.**

**No mes de novembro propónse como coordinador do Certame de Narracións Breves Manuel Murguía a Julio Mancebo Moreiras, mestre xubilado, natural da Baiuca (Arteixo) e gran amante da literatura.**

\*\*\*\*\*

No mes de decembro de 2006 fanse públicas as bases do **16º Certame de Narracións Breves “Manuel Murguía”**.

**O xurado designado para esta 16ª edición do certame está formado por** Isidro Xoán F López Novo, escritor e representante da AELG, Xabier Puente Docampo, profesor e escritor, Xesús Manuel Marcos, escritor e gañador do 1º, 3º e 15º Certame ‘Manuel Murguía’ e Julio Mancebo Moreiras, coordinador do Certame. O número de obras presentadas nesta edición foi de 45.

As actividades que se desenvolven no mes de maio son: exposición: “Rosalia Ilustrada” da Fundación Caixa Galicia, Serra-Lhe aí! (concerto folk), Ruote (concerto folk), ofrenda floral no monolito de Murguía, Os caruncho (concerto folk), entrega do premio do 16º Certame de narracións breves Manuel Murguía, concerto poético musical de “A Caricia da Serpe” de Lino Braxe, Leilía (concerto folk)

**No concurso de contos infantil resulta gañador Joaquín Gómez Primo co conto “O poder da amizade” obtendo o Murguía infantil/xuvenil 2007.**

**O xurado decide por unanimidade conceder o premio Manuel Murguía de Narracións Breves 2007, dotado con 3.665,00 euros e a edición da obra, ao relato “Mentras espero” de Míriam Rodríguez Debasa.**

O 19 de maio ten lugar a Entrega do premio “16º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía”. Iníciase o acto cunha literatura sonora por parte de A Caricia da Serpe, entrega o Murguía infantil 2007 o Alcalde, interveñen os membros do xurado Xabier Docampo, Isidro Novo, Xesús M Marcos, fai lectura da acta o coordinador Julio Mancebo, entrega o premio o Alcalde á gañadora Miriam Rodríguez Debasa e a galardoada ofrece unhas palabras pechándose o acto coa actuación da Caricia da Serpe.

\*\*\*\*\*

No mes de novembro de 2007 fanse públicas as bases do **17º Certame de Narracións Breves “Manuel Murguía”**.

O xurado designado para esta 17ª edición está formado por Marta Pumares Varela (profesora do IES de Pastoriza), Xosé Luis Martínez Pereiro (membro da Asociación de Escritores en Lingua Galega), Miriam Rodríguez Debasa (escritora e gañadora da 16ª edición) e Julio Mancebo Moreiras (coordinador do certame). O número de obras presentadas nesta edición foi de 53.

As actividades que se desenvolven no mes de maio son: exposición: “Sombra e luz” de Estefanía e Miriam Domínguez Cagigao, concertos de Silvia Penide, Carmen Dor, Rosa Cedrón e Narf, ofrenda floral no monolito de Murguía, entrega do premio do 17º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía tendo como conductor a Camilo Franco acompañado na parte musical por Magín Blanco.

**Do concurso de contos infantil foi seleccionada Paula Gabriela Martínez Couto co seu conto “¡Mentireiros!” como Murguía infantil/xuvenil 2008.**

**O 26 de abril o xurado escolle os seguintes finalistas “Un domingo amarelo para dentro” de Alva Martínez Teixeira, “A serpe de Auschwitz” de Héctor Carré e “O efecto Malangatana” de Carlos Quiroga, sendo elexida como gañadora Alva Martínez Teixeira do 17º certame.**

O 17 de maio ten lugar a entrega deste premio, facendo Camilo Franco unha presentación onde intercala textos dos finalistas e poñendo Magín Blanco a musicalidade, acompañados pola delegada provincial de cultura, Milagros Lantes Seara e polo presidente da Deputación da Coruña, Salvador Fernández Moreda, o concelleiro de Cultura J. Andrés Gayoso fai entrega do Murguía Infantil e Alva Martínez Teixeira recibe o su galardón de mans da alcadesa Pilar Souto Iglesias.

Meses despois comezan os preparativos dun novo libro recopilatorio das edicións 15, 16 e 17 do certame do que resultaron gañadores Xesús Manuel Marcos, Miriam Rodríguez Debasa e Alva Martínez Teixeira e cuxa presentación tivo lugar no Auditorio do Centro

Cívico Cultural de Arteixo o 18 de decembro baixo o título "Tres merlos brancos" da editorial Espiral Maior e que foi distribuído ás persoas vencelladas á historia do certame.

\*\*\*\*\*

A **18ª edición** foi convocada en novembro de 2008 coas bases que se achegan:

*O Concello de Arteixo, para contribuír ao desenvolvemento da narrativa galega e honrar ao noso Patriarca, convoca con carácter anual o Premio "Manuel Murguía" coas seguintes*

### **BASES**

1. Poderán concorrer tódolos autores que o desexen con unha única obra, de temática libre e escrita en lingua galega.
2. Os relatos deben ser orixinais e inéditos, dunha extensión non inferior ós 15 folios nin superior ós 30, escritos con letra corpo 12 e en tamaño DIN A4.
3. Os traballos presentaranse por cuadruplicado, mecanografados a duplo espazo, por unha soa cara e só co título da obra e un lema. Ademais, achegaranse nun sobre pechado o título, lema, nome, enderezo, teléfono e currículo do autor.
4. As obras deben enviarse facendo constar no sobre "18º Certame Manuel Murguía de Narracións Breves", antes do 1 de marzo de 2009 ao seguinte enderezo.

*Concello de Arteixo  
Praza Alcalde R Dopico, nº 1  
15142 Arteixo  
A Coruña*

5. Establécese un único premio dotado con 3.665,00 euros, sometido á correspondente retención. O galardón pode declararse deserto ou ser repartido "ex aequo" entre dous autores.
6. O xurado, constituído por membros de recoñecida solvencia, será designado polo Concello de Arteixo e fará pública a súa decisión inapelable no mes de maio de 2009.
7. Elixíranse 3 finalistas que deberán estar presentes o día da entrega do Premio.
8. Os orixinais non premiados poderán ser devoltos, sempre que o soliciten os seus autores por escrito no prazo máximo de un mes a partir do fallo.
9. O/s finalistas e o/s autor/es premiados/s renuncia/n ós seus dereitos no caso que o Concello edite o/s texto/s e se fixer outras edicións fará constar que foi premiado neste certame.

10.A interpretación destas bases corresponde exclusivamente ao xurado. O feito de participar no certame supón a aceptación das presentes bases.

Arteixo, novembro de 2008

Como resultado da valoración feita polo xurado formado por: Xosé Manuel Martínez Oca, membro da AELG, Jesús Pensado Figueiras, profesor do IES de Pastoriza, Alva Martínez Teixeiro gañadora do 17º Certame de Narracións Breves "Manuel Murguía" e Julio Mancebo Moreiras, coordinador do certame, o sábado 16 de maio de 2009 entregouse o premio do que resultaron finalistas: Ana María Galego Gen, Eva Moreda Rodríguez e Samuel Solleiro, sendo elixido gañador este último co relato "*Caída de Abraham Rosenblath*".

Asistiron ao certame, entre outros, o xefe territorial da Consellaría de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia Felipe Nóvoa, o concelleiro de Cultura J. Andrés Gayoso Naya e a alcaldesa Pilar Souto Iglesias.

As actividades que se desenvolven no mes de maio son: exposición "Semántica urbana. Grazas pola súa visita" de Iván Ferreiro López e Natalia Santana Bruno, entrega do premio do 18º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía coa actuación de Nelson Quinteiro e a ofrenda floral no monolito na honra de Manuel Murguía.

\*\*\*\*\*

A **19ª edición** foi convocada en novembro de 2009 coas bases que se achegan:

*O Concello de Arteixo, para contribuír ao desenvolvemento da narrativa galega e honrar ao noso Patriarca, convoca con carácter anual o Premio "Manuel Murguía" coas seguintes*

## **BASES**

1. Poderán concorrer tódolos autores que o desexen con unha única obra, de temática libre e escrita en lingua galega.
2. Os relatos deben ser orixinais e inéditos, dunha extensión non inferior ós 15 folios nin superior ós 30, escritos con letra corpo 12 e en tamaño DIN A4.
3. Os traballos presentaranse por cuadruplicado, mecanografados a duplo espazo, por unha soa cara e só co título da obra e un lema. Ademais, achegaranse nun sobre pechado o título, lema, nome, enderezo, teléfono e currículo do autor.
4. As obras deben enviarse facendo constar no sobre "19º Certame Manuel Murguía de Narracións Breves", antes do 1 de marzo de 2010 ao seguinte enderezo.

*Concello de Arteixo  
Praza Alcalde R Dopico, nº 1  
15142 Arteixo  
A Coruña*

5. Establécese un único premio dotado con 3.665,00 euros, sometido á correspondente retención. O galardón pode declararse deserto ou ser repartido "ex aequo" entre dous autores.
6. O xurado, constituído por membros de recoñecida solvencia, será designado polo Concello de Arteixo e fará pública a súa decisión inapelable no mes de maio de 2010.
7. Elixíranse 3 finalistas que deberán estar presentes o día da entrega do Premio.
8. Os orixinais non premiados poderán ser devoltos, sempre que o soliciten os seus autores por escrito no prazo máximo de un mes a partir do fallo.
9. O/s finalistas e o/s autor/es premiados/s renuncia/n ós seus dereitos no caso que o Concello edite o/s texto/s e se fixer outras edicións fará constar que foi premiado neste certame.
10. A interpretación destas bases corresponde exclusivamente ao xurado. O feito de participar no certame supón a aceptación das presentes bases.

Arteixo, novembro de 2009

As actividades que se desenvolven no mes de maio son: a exposición e gala aniversario "25 anos da A C Queiroa", a representación teatral de "Feirantes" a cargo de Artestudio Teatro, o concerto da A C Iulius XIII "Ástor Piazzolla e o tango intelectual", entrega do premio do 19º certame coa actuación da compañía La Macana, ofrenda floral no monolito na honra de Manuel Murguía e actuación de Cántigas da Terra.

Como resultado da valoración feita polo xurado formado por: María Anxos González Refoxo, membro da AELG, Monserrat Collazo Trigo, profesora do IES de Pastoriza, Samuel Solleiro González, gañador do 18º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía e Julio Mancebo Moreiras, coordinador do certame, o sábado 15 de maio de 2010 no Centro Cívico Cultural de Arteixo entregouse o premio do que resultaron finalistas: "Cristal" de Antonio Bazarra, "Brais Olveira" de Valentín Alvite e "As dúas vellas do Iguasú" de Andrés Pociña, sendo gañador do 19º certame este último.

O acto, presidido pola alcaldesa, Pilar Souto Iglesias e polo concelleiro de Cultura, Turismo, Festas e Feiras, J. Andrés Gayoso Naya, pechouse cunha magnífica peza de danza, "Vén", interpretada por La Macana.

\*\*\*\*\*

Coa chegada da **20ª edición** celebrouse o 20 aniversario do certame o que implicou certas modificacións nas súas bases reguladoras, concretamente as seguintes:

11. Os traballos presentarase por cuadruplicado, mecanografados a duplo espazo, por unha soa cara e só co título da obra e un lema. Xuntarase unha copia do texto nun



CD en formato PDF. Nun sobre pechado achegaranse o título, o lema, o nome, o enderezo, o teléfono e o currículo do autor.

12. Co gallo do 20 aniversario, establécense 3 premios dotados con 3.703,70 €, 1.234,57 € e 617,28 €, sometidos ás correspondentes retencións. Os galardóns poderán declararse desertos.

O motivo polo que se solicitan os traballos en formato dixital vén determinado pola necesidade e comodidade de ter os relatos arquivados para posibles publicacións nun futuro. Por outra banda, e por ser un ano tan especial, a parte do máximo galardón, decidiuse premiar a participación con 2 premios, dotados economicamente, para os finalistas.

Como soe ser habitual, a Concellaría de Cultura puxo en marcha un amplo programa cultural no mes das Letras Galegas no que destacou **o teatro, a música e os actos literarios** e que se concentrou maioritariamente nas instalacións do Centro Cívico Cultural de Arteixo.

O **venres 6 de maio** ás 20:30 h a compañía con sede en Cee, **Talía teatro**, ofreceu no Auditorio unha comedia para maiores de 13 anos, "**Pelos na lingua**", dirixida por Avelino González e cun elenco formado por Toño Casais, María Ordóñez e Artur Trillo.

O **venres 13 de maio** ás 20:00 h inaugurouse a exposición conmemorativa "**20 anos de Certame Manuel Murguía en Arteixo**" onde se fixo un percorrido pola traxectoria deste certame a través de fotografías, libros publicados e paneis informativos que repasan a vida e a obra da figura literaria nacida en Froxel.

Á continuación realizouse a presentación do libro "**De eirugas a bolboretas**", unha compilación dos relatos dos gañadores e dos finalistas das dúas últimas edicións.

O prato forte chegou o **sábado 14** ás 17:00 h coa cerimonia de entrega de premios que se concederon aos gañadores do certame. O xurado tivo que elixir entre os 59 relatos presentados. Os premiados déronse a coñecer nun acto conducido por Quico Cadaval e presidido pola alcaldesa do Concello, Pilar Souto, que estivo acompañada polo concelleiro de Cultura, Turismo, Festas e Feiras, J. Andrés Gayoso Naya e polo coordinador do certame, Julio Mancebo. Á cerimonia, ademais de contar con outras autoridades locais, tamén estiveron presentes figuras políticas e outros persoeiros de gran relevancia para este certame como Henrique Rabuñal.

O xurado do 20º Certame de Narracións Breves "Manuel Murguía", constituído por Mercedes Queixas Zas, secretaria da AELG, José Vales Fernández, profesor do IES Manuel Murguía, Andrés Pociña Pérez, gañador do 19º Certame de Narracións Breves "Manuel Murguía" e Julio Mancebo Moreiras, coordinador do certame que sempre actúa como secretario con voz pero sen voto, decidiu por unanimidade conceder os Premios Manuel Murguía de Narracións Breves 2011 na seguinte orde:

- 3º Premio, dotado con 617,28 € e a edición da obra ao relato "Eu xogo a que se crean que lles creo", presentado baixo o lema *Isolda de Taramancos* e que corresponde a Antom Labranha.
- 2º Premio, dotado con 1.234,57 € e a edición da obra ao relato "Unha viaxe de inverno", presentado baixo o lema *Os amantes ocasionais* e que corresponde a Xaime Dominguez Toxo de Pontevedra.
- 1º Premio, dotado con 3.703,70 € e a edición da obra ao relato "A muller que deu a volta arredor de si mesma" presentado baixo o lema *A do Roxo* e que corresponde a Clara Isabel Rodríguez Giráldez (Clara do Roxo) de Vigo (Pontevedra).

Como momento previo á entrega do galardón, tras a plantación dunha árbore conmemorativa mentres soaba o Himno Galego da gaita de Víctor Iglesias, os asistentes gozaron coa actuación da compañía de danza **Entremans** que interpretou unha emotiva peza de exaltación do amor, "**Si quiero**", á cargo dos bailaríns Ana Beatriz Pérez e Armando Martén.

O **venres 20 de maio** ás 20:30 h retomouse a actividade teatral no Auditorio con "**Citizen (1ª parte)**" de **Teatro Chévere**, unha compañía de teatro con 25 anos de traxectoria. A obra de Citizen conta a historia de A.O., un empresario galego do textil que se converte nunha das persoas máis ricas do mundo no último terzo do século XX. Desta maneira, Citizen convírtese nunha boa disculpa para falar, ironizar e cuestionar os efectos da globalización en relación coas nosas identidades individuais e colectivas. "Citizen 1", sitúase nese momento iniciático que ten toda gran aventura. Cando é difícil separar a realidade dos soños. A verdade da invención. O teatro da vida. Pero tamén é unha historia da Transición, contra a Transición. Estamos na Coruña, en 1975 e Franco acaba de morrer.

En escena atopámonos con Patricia de Lorenzo e Manuel Cortés. A Dramaturxia e a dirección corre por conta de Xron e Manuel Cortés.

Por outra banda, a Asociación Cultural Galaica Música organizou un concerto didáctico que levou a cabo o **sábado 21 de maio** ás 18:00 h no Auditorio. O concerto que levaba por título "**Hansel e Gretel**" foi interpretado polo grupo de cámara **Tactum Ensemble** de Barcelona, con música orixinal do arteixán Rubén L. Somoza Gómez.

Para rematar a oferta cultural de maio, **Teatro de Ningures** foi a compañía encargada de pechar o Programa Cultural Manuel Murguía con "**0,7 % Molotov**", o **venres 27** ás 20:30 h, escrita por Santiago Cortegoso Malvar, autor galardoado co **XIV Premio de teatro Rafael Dieste da Deputación da Coruña**. Nesta obra interviron: Rocío González, Salvador del Río e dous bailaríns excepcionais, Armando Martén e Ana Beatriz Pérez.

\*\*\*\*\*

A convocatoria da **21ª edición** coincide coa chegada dun novo goberno presidido por **Carlos Calvelo Martínez**. Baixo a actuación de **Celina Varela Suárez** como concelleira de Educación e Cultura, ratifícase a Julio Mancebo Moreiras como coordinador literario e decídese manter as bases do certame, voltando de novo a conceder un único galardón.

O xurado queda constituído por: **Antía Otero Rodríguez**, membro da Asociación de Escritores en Lingua Galega, **François Davo**, profesor do Instituto de Educación Secundaria de Cambre, **Clara Isabel Rodríguez Giráldez**, gañadora do 20º Certame de Narracións Breves "Manuel Murguía" e Julio Mancebo Moreiras, que asiste ás deliberacións con voz e sen voto.

Como cada ano, no mes das Letras, a Concellaría de Cultura puxo en marcha o Programa Cultural Manuel Murguía no que se incluíu música, teatro, cinema e varios actos literarios.

**O sábado 12 de maio** procedeuse á proclamación do gañador da 21 edición do Certame de Narracións Breves "Manuel Murguía" ao que optaban os relatos "*Taxi driver*" de Mercedes Leobalde García, "*Momentos de néboa e luz*" de Chelo Suárez Muíños e "O home que falaba na lingua do océano" de Roberto A. Rodrigues. O galardón recaeu neste último grazas a un traballo dedicado ao alemán de Camelle.

A entrega deste premio celebrouse no Auditorio do Centro Cívico Cultural ás 18:00 horas. Ao acto, presidido polo alcalde, Carlos Calvelo, e conducido polo coordinador do certame, Julio Mancebo, acudiron a concelleira de Educación e Cultura, Celina Varela Suárez e o deputado Manuel Varela. A asistencia foi pública e contou coa participación das alumnas da Escola de Ballet Cinderella coa interpretación de pezas tan coñecidas como o *Danubio Azul* de Strauss ou o *Mío babbino caro* de Puccini.

**O mércores 16** ás 20:30 h na sala de exposicións do Centro Cívico tivo lugar a presentación do libro teatral "**Tres Logomonos: Colgados, Pisados, Snakizados**" de Gustavo Pernas Cora. O acto, de entrada libre, contou coa presenza da concelleira de Cultura, Celina Varela Suárez, o escritor e autor do prólogo, Miguel Anxo Fernán Vello e a directora de Ancora Producións, Ánxela G. Abalo e o propio autor que fixo unha breve lectura dramatizada de "Snakizados".

**O xoves 17** ás 13:30 h, produciuse a **Ofrenda Floral no Monolito de Manuel Murguía** situado na Urbanización Sol y Mar de Oseiro, acto organizado pola Asociación de Veciños Manuel Murguía en colaboración co Concello de Arteixo para conmemorar o Día das Letras Galegas.

A compañía profesional de teatro residente en Arteixo, **Ancora Producións**, representou o **venres 18 de maio** ás 20:45 h a obra "**Pisados –Botamán de Melide o home que falaba cos zapatos**" interpretada por Gustavo Pernas Cora.

A oferta cultural do mes de maio tamén se estendeu aos cativos e aos mozos da casa a través do "**Fala Redes**", un programa de dinamización da Secretaría Xeral de Política Lingüística para a Rede de Dinamización Lingüística. Levouse adiante en máis de 90 entidades locais, entre elas, Arteixo, e abrangueu diversas actividades:

- **Titerehop**. Artes plásticas e música uníronse neste obradoiro dirixido a adolescentes de 13 a 18 anos e centrado na cultura *hip-hop*. Titerehop contou coa participación do rapeiro García, membro de "Dios que te Crew" e mais dos monicrequeiros de Viravolta. Baseado nun Obradoiro de Hip Hop (rap), un

obradoiro de expresión plástica "Construción dun títere que cante" e a posta en escena por medio do títere do traballado no obradoiro de Hip Hop. Esta actividade desenvolveuse en 2 funcións, unha ás 11:00 h e outra ás 17:00 h no ximnasio do CEIP Ponte dos Brozos o **sábado 5 de maio**.

- **Galego de cine.** Unha pequena caravana percorreu as localidades pertencentes á Rede de Dinamización Lingüística proxectando curtas de animación en galego para nenos e nenas de 6 a 12 anos. Estes tiveron ocasión de participar, posteriormente, nunha serie de actividades que lles permitiron ter un papel activo no seu achegamento ao cinema na nosa lingua. Tras finalizar a viaxe da caravana polos concellos galegos fíxose un concurso no que se premiaron os mellores contos en galego contados ante a cámara por cada grupo de nenos e nenas participante na actividade. Esta actividade tivo lugar o **domingo 13 de maio** ás 16:00 h no local social e contorna do Alto de Arteixo e o **domingo 27** ás 16:00 h na sala dos espellos do CCC de Arteixo.

\*\*\*\*\*

As bases do **22º Premio Manuel Murguía** fixéronse públicas en novembro de 2012, sendo idénticas ás da anterior edición. O pasado 28 de febreiro rematou o prazo de presentación de relatos, acadándose un número total de 62 traballos aspirantes a este galardón.

O **xurado** do 22º certame, formado por **María Canosa**, membro da AELG, **Isabel Rodríguez**, profesora do IES M. Murguía e **Roberto A Rodrigues** gañador da última edición, tras reunirse o 4 de maio nomearon como **finalistas** os seguintes relatos: "*Vidros*" de David Pérez Iglesias, "Duelos" de Xosé Alfredo Naz Fernández e "*Consangüíneo*" de **Juan Tallón Salgado**, resultando vencedor, este último, deste 23º Certame.

A **entrega do premio** de 3.703,70 € celebrouse o **xoves 16 de maio ás 12:00 h**, no Auditorio do Centro Cívico Cultural. Durante o acto, conducido polo coordinador do certame, Julio Mancebo, e presidido polo alcalde, Carlos Calvelo, presentouse unha **nova publicación** recompilatoria dos relatos finalistas e gañadores dos dous últimos certames (20º e 21º) que leva por título "Outra rolada". Para a edición deste novo libro contouse coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña para os traballos de impresión. A entrega estivo amenizada pola interpretación de *melodías do Rexurdimento poético* á cargo da **soprano Julia Cea** con acompañamento de Plácido Travieso ao piano.

O **venres 17 ás 13:30 h**, produciuse a tradicional **Ofrenda Floral no Monolito de Manuel Murguía** na Urbanización Sol y Mar de Oseiro, por parte da Asociación de Veciños Manuel Murguía.

\*\*\*\*\*

A finais de novembro de 2013 fixéronse públicas as bases do **23º Certame Manuel Murguía**, sendo idénticas ás da 22 edición. O pasado 28 de febreiro rematou o prazo de presentación de relatos, concorrendo 63 traballos orixinais a este galardón.

**Juan Tallón**, gañador da 22º edición, **Modesto Fraga**, membro da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, **Margarita Fernández**, profesora do IES de Pastoriza e **Julio Mancebo**, coordinador literario do certame, con voz e sen voto conformaron o **xurado da 23ª edición** do certame de narracións breves Manuel Murguía.

O xurado da 23 edición do Certame de Narracións Breves Manuel Murguía fixo público o seu fallo o xoves 15 de maio ás 12:00 h no Auditorio do CCC de Arteixo, **do que resultaron finalistas Pedro Larrañaga e Antón Vázquez. Adolfo Caamaño coa narración titulada "A geisha no bosque de bambú"** foi o gañador desta edición. O premio, dotado economicamente con 3.703 €, conleva a publicación da obra gañadora. Os tres finalistas recibiron un pergamiño artesanal manuscrito e elaborado en pel natural.

Ao acto asistiron os membros do xurado e os finalistas, así como autoridades locais e alumnado e membros da comunidade educativa de Arteixo. A parte literaria completouse cun apartado de música coral interpretado polo grupo de voces graves do **grupo empresarial Alcoa Inespal**, que seleccionaron un repertorio en galego para esta ocasión.

A finais de novembro de 2013 fixéronse públicas as bases do **23º Certame Manuel Murguía**, sendo idénticas ás da 22 edición. O pasado 28 de febreiro rematou o prazo de presentación de relatos, concorrendo 63 traballos orixinais a este galardón.

**Juan Tallón**, gañador da 22º edición, **Modesto Fraga**, membro da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, **Margarita Fernández**, profesora do IES de Pastoriza e **Julio Mancebo**, coordinador literario do certame, con voz e sen voto conformaron o **xurado da 23ª edición** do certame de narracións breves Manuel Murguía.

O xurado da 23 edición do Certame de Narracións Breves Manuel Murguía fixo público o seu fallo o xoves 15 de maio ás 12:00 h no Auditorio do CCC de Arteixo, **do que resultaron finalistas Pedro Larrañaga e Antón Vázquez. Adolfo Caamaño coa narración titulada "A geisha no bosque de bambú"** foi o gañador desta edición. O premio, dotado economicamente con 3.703 €, conleva a publicación da obra gañadora. Os tres finalistas recibiron un pergamiño artesanal manuscrito e elaborado en pel natural.

Ao acto asistiron os membros do xurado e os finalistas, así como autoridades locais e alumnado e membros da comunidade educativa de Arteixo. A parte literaria completouse cun apartado de música coral interpretado polo grupo de voces graves do **grupo empresarial Alcoa Inespal**, que seleccionaron un repertorio en galego para esta ocasión.

\*\*\*\*\*

A finais de novembro de 2014 fixéronse públicas as bases do **24º Certame Manuel Murguía**, variando en canto a que se estableceron tres premios: un primeiro premio dotado con 4000,00 €, un segundo de 500,00 € e un terceiro de 300,00 €, todos eles sometidos á correspondente retención .. O pasado 28 de febreiro rematou o prazo de presentación de relatos, concorrendo 57 traballos orixinais a este galardón.

**Adolfo Caamaño Vázquez**, gañador da 23º edición, **María do Carme Fernández Pérez-Sanjulián**, membro da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, **Manuel**

**Gesto Pan**, profesora no CEIP San Xosé Obreiro de Meicende e **Julio Mancebo**, coordinador literario do certame, con voz e sen voto conformaron o **xurado da 24ª edición** do certame de narracións breves Manuel Murguía.

O xurado da 24 edición do Certame de Narracións Breves Manuel Murguía fixo público o seu fallo o xoves 14 de maio ás 12:00 h no Auditorio do CCC de Arteixo, no que se concederon os seguintes premios:

- 3º premio: dotado con 300,00 € e a edición da obra ao relato “Taxidermia“, presentado baixo o lema Non hai Coresma sen Entroido e que corresponde a Eduard Velasco (Santiago de Compostela).
- 2º premio: dotado con 500,00 € e a edición da obra ao relato “Os sólidos platónicos de Nogueillón”, presentado baixo o lema Platón en Nogueillón e que corresponde a Xosé Alfredo Naz Fernández (Vigo).
- 1º premio: dotado con 4.000,00 € e a edición da obra ao relato “O pau na roda” presentado baixo o lema Miñoteiro e que corresponde a Antonio Piñeiro Fernández (Ribeira).

Ao acto asistiron membros do xurado e os finalistas, así como autoridades locais, o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García e o alumnado e os membros da comunidade educativa de Arteixo. A parte literaria completouse cun apartado de música interpretado polo Grupo Vocal Sondenós.

Nesta edición tamén se entregaron os premios **do 1º Certame Xuvenil de Relato Curto Rosalía de Castro** no que podían participar o alumnado de 3º e 4º da ESO e de 1º e 2º de Bacharelato dos institutos de Arteixo.

Na Xunta de Goberno Local do 14 de xaneiro de 2015 aprobáronse as bases da convocatoria. O prazo para presentarse a este 1º Certame Xuvenil era ata ao 1 de marzo, prorrogándose at ao 27 de marzo e concorrendo 6 relatos, todos eles do IES Manuel Murguía.

O xurado reuniuse o 13 de abril de 2015 estando constituído por **Francisco Guitián Valeiro**, mestre do CEIP Galán, **Mónica Sanjurjo Chao**, mestra do CEIP Ponte dos Brozos, **Lucía Galego Vázquez**, mestra do CEIP San Xosé Obreiro de Meicende e Sonia Iglesias Recarey, coordinadora técnica de cultura que asiste con voz e sen voto, no que se concederon os seguintes premios:

- 3º premio (valorado en 50 euros): “Entre pezas anda o xogo” presentado baixo o lema O soñador de David Rodríguez Ramos
- 2º premio (valorado en 100 euros): “Diverxente” presentado baixo o lema Itciar de Yaiza Allo Campaña
- 1º premio (valorado en 150 euros): “A verdade dunha mirada” presentado baixo o lema Lor de Paula Baña Aller.

Os premios canxeábanse por material informático e por mor do programa Xantar Arteixo de Dinamización Lingüística fixéronse uns gardacubertos dos seis relatos presentados.

\*\*\*\*\*

**O 2 de outubro de 2015** faise pública unha decisión importante para o Certame. **Julio Mancebo Moreiras**, natural da Baiuca (Arteixo) e sucesor no cargo de Henrique Rabuñal Corgo, **deixa de asumir as súas funcións como coordinador** apelando á necesaria renovación de cargos.

Na comunicación realizada ao Concello de Arteixo quixo lembrar con moito agarimo o seu predecesor, o profesor e escritor Henrique Rabuñal, os alcaldes e concelleiros que alimentaron o certame durante 24 edicións que demostraron estima polo premio sen interferir xamais no seu labor, o equipo técnico do concello que cada ano o fai posible coa súa entrega e profesionalidade, e todos os concursantes, gañadores ou non, que o encheron de contido, dignidade e orgullo coas súas creacións literarias. Tamén fixo unha mención especial aos artistas e editores que colaboraron nas edicións e nos eventos públicos, sen os cales o Certame non vestiría as belas roupas que a ocasión ano tras ano merece.

Mancebo tampouco esqueceu a inestimable colaboración da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, que non deixou de apoiar na selección dos xurados e na consulta de cuestións técnico/literarias.

**Alfredo Ferreiro Salgueiro** toma o relevo como coordinador do Certame sendo nomeado na Xunta de Goberno Local de 30 de setembro de 2015. Naceu en 1969 na Coruña, onde se licenciou con grao en Filoloxía Hispánica (subsección de español). É membro da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, da Associação Galega da Língua e do Grupo Surrealista Galego. Ten publicado varias obras literarias, tanto en libros individuais e como colectivos. Desde 90 colabora como poeta, crítico e tradutor en revistas galegas, portuguesas e españolas. Dirixe, xunto con Tati Mancebo e Ramiro Torres, a revista dixital de artes e letras *Palavra comum*, orientada para o ámbito lusófono. Actualmente reside en Arteixo.

Outro dos acontecementos relevantes é que en 2016 o premio arteixán celebra o seu **XXV aniversario**. O **15 de xaneiro de 2016** fixéronse públicas as bases do concurso. Mantívose a dotación dos 3 premios e douse a coñecer en primicia **a edición dun novo libro** cos nove relatos que integran gañadores e finalistas das últimas tres edicións (22º, 23º e 24º) e que se sumará así ás nove publicacións anteriores que ven a luz periodicamente dende 1995 cando se publicara "Relatos". Nesta ocasión contouse coa inestimable colaboración de **Editorial Galaxia**, quen incluírá o novo título na súa colección Literaria.

**O 21 de marzo de 2016** publícanse novos datos sobre o Certame. Conséguese que **nesta edición se presenten 84 textos, 27 máis con respecto ao ano anterior** e explícase que a organización rexeitou 12 por non axustarse aos requisitos formais estipulados nas bases, concorrendo finalmente un total de 72 relatos. Foi nomeado como

xurado da vixésimo quinta edición: **Antonio Piñeiro Fernández**, gañador da 24º edición, **Teresa Moure Pereiro** (AELG), escritora e profesora na USC; **Marcos Sánchez Calveiro**, escritor, avogado e empresario de hostelería; e Alfredo Ferreiro Salgueiro, coordinador literario do certame, que actúa con voz e sen voto.

**O 30 de abril de 2016**, reúnese o xurado para decidir por unanimidade conceder os premios ás seguintes obras finalistas (por orde alfabética de autor):

*O mérito da chuva*, de Carlos Quiroga  
*Hai patios de luces tristes*, de Diego Giráldez  
*A aranha de Sidney*, de José Antón Lozano

**O 3 de maio de 2016** publicouse o **Programa cultural Manuel Murguía** que inclúe unha especial selección de actividades para conmemorar o mes das Letras: artes gráficas, danza, música e ofrendas florais aparte da Entrega dos premios do certame.

**Até o 14 de maio** púidose visitar a **exposición do IX Premio de Arte Gráfica Jesús Núñez** da Deputación da Coruña na sala de exposicións do CCC de Arteixo. Esta edición caracterízase polo destacado posto que ocupa a muller no certame: desde a flamante gañadora Alicia Candiani, artista arxentina de dilatada carreira e traxectoria e unha gran dinamizadora cultural desde a Fundación ACE bonaerense, pasando polos dous accésits, a madrileña Masaur, e a nova Carmen Jiménez, ata as 19 mulleres do total dos 30 artistas seleccionados. Todos eles nos ofrecen unha ampla panorámica de gravado contemporáneo internacional. Móstrannos a versatilidade dunha linguaxe que se adapta aos tempos e que recolle o pouso persoal de cada creador cunha eficacia que poucas artes ofrecen. A procedencia das obras tamén é importante xa que podemos atopar artistas procedentes, ademais de España, dos seguintes países: Arxentina, Austria, Bélxica, Bulgaria, Cuba, Chile, Francia, Gran Bretaña, Italia, México, Polonia, Romanía, Suíza e Venezuela. Resultado diso é un amplo panorama da gráfica contemporánea internacional, invitación a unha viaxe a través da tinta e a imaxe.

**O venres 6** a compañía de danza coruñesa de recente creación, **Ballet Norte**, formada por máis de dez bailaríns, intepretou **Atlántica** ante máis de 100 espectadores no Auditorio de Arteixo. Esta peza que transita entre os Séculos Escuros e o Rexurdimento Galego por medio dos poetas máis representativos: Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal, feito a partir dun texto de M. Murguía, *'La mujer de fuego'*.

**O venres 13**, a partir das 19:30 h, deuse a coñecer o nome das persoas gañadoras do **25º Certame de Narracións Breves "Manuel Murguía"**. Os premios contan coa seguinte dotación: 4.000 € para o primeiro (*Hai patios de luces tristes* de **Diego Giráldez**), 500 € para o segundo (*O mérito da chuva* de **Carlos Quiroga**) e 300 € para o terceiro (*A aranha de Sidney* de **Jose Antono Lozano**). O acto de entrega ofreceu ademais outros alicientes para todos os asistentes: o volume **A garza insomne**, a actuación musical do grupo **4 jazz**, a plantación dunha árbore conmemorativa do 25º aniversario e un viño de honra como fin de festa.

O evento incluíu ademais unha lembranza musical e literaria da figura de Manuel María, escritor homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas. Para tal fin contouse durante



toda a semana no recibidor do CCC cunhas láminas sobre a súa vida que remitiu a Xunta de Galicia e que foron completadas con outras elaboradas no Concello nas que se mostra a súa relación con Arteixo dende o ano 1996. O día 13 tamén estivo a disposición do público asistente algúns dos libros do autor da Terra Cha.

**O martes 17** ás 13:30 h, celebrouse a **Ofrenda Floral no Monolito de Manuel Murguía** situado na Urbanización Sol y Mar de Oseiro, acto organizado pola Asociación de Veciños Manuel Murguía en colaboración co Concello de Arteixo.

**A programación murguiniana pechouse o venres 20** ás 20:45 h, co Dúo musical formado por **Xabier Díaz e Guillermo Fernández** que ofreceron un **concerto homenaxe a Manuel María**.

\*\*\*\*\*

**No mes de novembro de 2016** fixéronse públicas as bases do 26º Certame de Narracións breves Manuel Murguía, manténdose a dotación dos 3 premios.

**O 10 de marzo de 2017** realízase a apertura de sobres cos relatos participantes neste 26º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía. **Preséntanse 58 textos e a organización rexeita 6 por non axustarse aos requisitos formais estipulados nas bases, concorrendo finalmente un total de 52 relatos.** O xurado nomeado para esta edición foi: **Diego Giráldez**, gañador da 25 edición; **Anxos Sumai**, escritora e representante da Asociación de Escritores en Lingua Galega; **Beatriz Rodríguez**, profesora da Universidade de Vigo e Alfredo Ferreiro, coordinador literario do certame, que actúa sen voz e sen voto.

**Como novidade deste ano**, a coordinación destaca a presenza no xurado dun membro da **Asociación Galega da Crítica**, feito que, grazas a un recente acordo de colaboración similar ao precedente coa Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, vincula de maneira máis decidida o Certame ao sistema literario galego.

**O 22 de abril de 2017**, reúnese o xurado para decidir por unanimidade conceder os premios ás seguintes obras:

- 3º premio: dotado con 300,00 € e a edición da obra ao relato "Reversible", presentado baixo o lema Freixo do Val e que corresponde a Jesús Amboage García.
- 2º premio: dotado con 500,00 € e a edición da obra ao relato "Corazón de Aquiles", presentado baixo o lema Nefelibata e que corresponde a Noelia Cendán Teijeiro.
- 1º premio: dotado con 4.000,00 € e a edición da obra ao relato "A semântica oculta de Mrs. Hockett" presentado baixo o lema S. Orlino e que corresponde a Teresa Moure Pereiro.

**O 2 de maio de 2017** publicouse o **Programa Cultural Manuel Murguía** que incluíu unha especial selección de actividades para conmemorar o mes das Letras Galegas: artes

gráficas, encontro literario con autores locais, música e ofrendas florais aparte da Entrega dos premios do certame.

**Até o 20 de maio** púidose visitar a **Exposición Fotográfica de Marcos Rodríguez** na Sala de Exposicións do CCC de Arteixo. Cada fotografía desta exposición contaba unha historia vital, permitíanos viaxar no tempo, sentir o calor da lareira, o peso das zocas nas lameiras, o suor tras unha dura xornada de traballo na lareira, ...Contaba a historia de cada un, dos nosos maiores, espellos nos que debemos mirarnos cada día para aprender do pasado para poder envarar o futuro.

**O venres 12 de maio** o escritor Alfredo Ferreiro presentou un **encontro literario cun grupo de autores vencellados ao Concello de Arteixo**. Os autores que presentaron as súas obras máis recentes foron: Francisco A Vidal, Henrique Rabuñal, Miguel Sande, Modesto Fraga, Xosé Iglesias e Xabier Macerías. Fíxose unha **lembranza ao poeta, recentemente falecido, Paco Souto** para o que se contou co seguinte elenco: Enma Abella, Henrique Rabuñal, Iolanda Aldrei, Miguel Sande, Modesto Fraga, Rocío Blanco, Xosé Iglesias, Xavier Maceiras e Alfredo Ferreiro. O evento tamén estivo acompañado pola música de Alberto Laso (sitar, guitarra e oud) e Karlos Barral (percusión) co seu grupo Infusiones Musicales.

**O mércores 17 de maio** ás 13:30 h realizouse a tradicional **Ofrenda Floral no Monolito de Manuel Murguía** situado na Urbanización Sol e Mar de Oseiro, acto organizado pola Asociación de Veciños Manuel Murguía en colaboración co Concello de Arteixo.

**O venres 19 de maio**, ás 20:00 h, deuse a coñecer o nome das persoas gañadoras do **26º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía**. Os premios contaron coa seguinte dotación: 4.000 € para o primeiro, 500 € para o segundo e 300 € para o terceiro. O acto de entrega ofreceu, ademais, outros alicientes para todos os asistentes: participación do **colectivo XIPA**, acompañamento musical do **grupo E-JAZZ** e un viño de honra como fin de festa.

O evento incluíu unha lembranza da figura de **Carlos Casares**, escritor homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas, mediante a **proxección de "A Luz de Carlos"** no que se fixo referencia á relación do autor ourensán con Arteixo. Durante toda a semana no recibidor do CCC expuxéronse dez láminas sobre a súa vida e que remitiu a Xunta de Galicia.

**O sábado 20 de maio** ás 20.00 h pechouse a programación do programa cultural Manuel Murguía co concerto no CSC de Meicende do artista **Manolo Couto**.

\*\*\*\*\*

**No mes de novembro de 2017** fixéronse públicas as bases do 27º Certame de Narracións breves Manuel Murguía, manténdose a dotación dos 3 premios.

**O 1 de marzo de 2018** realizouse a apertura de sobres cos relatos participantes neste 27º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía. De todos os relatos recibidos, **63 foron**

**admitidos a concurso por cumpriren estrictamente as bases.** O xurado nomeado para esta edición foi: **Begoña Isabel Paz Rey**, escritora e representante da Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega, **Mario Ibán Regueira Fernández**, nomeado pola Asociación Galega da Crítica e **Teresa Moure Pereiro**, gañadora da 26 edición e Alfredo Ferreiro, coordinador literario do certame, que actúa sen voz e sen voto.

**No mes de abril de 2018**, reúnese o xurado para decidir por maioría conceder os premios ás seguintes obras finalistas (por orde alfabética de autor/a):

*Bochorno de Charo Pita*

*Unha praia na Polinesia* de Mercedes Leobalde

*A porta do reconhecemento* de Tiago Alves Costa

O venres 11 de maio terá lugar a cerimonia de entrega de premios (1º premio: *Bochorno de Charo Pita*, 2º premio: *A porta do reconhecemento* de Tiago Alves Costa e o 3º premio: *Unha praia na Polinesia* de Mercedes Leobalde) que ofrecerá ademais outros alicientes para todos os asistentes: a actuación musical de **Aida Saco**, compositora que interpretará a piano pezas do seu disco *Atmosferas*; ao mesmo tempo, o humorista gráfico **Luis Davila** nos deleitará cos seus deseños proxectados en directo. Rematado o acto, ofrecerase un viño de honra como fin de festa.

O evento incluírá unha lembranza da figura de **María Victoria Moreno**, escritora homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas.

\*\*\*\*\*

**No mes de novembro de 2018** fixéronse públicas as bases do 28º Certame de Narracións breves Manuel Murguía, manténdose a dotación dos 3 premios.

**O 22 de febreiro de 2019** realízase a apertura de sobres cos relatos participantes neste 28º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía. **Preséntanse 71 textos e a organización rexeita 4 por non axustarse aos requisitos formais estipulados nas bases, concorrendo finalmente un total de 67 relatos.** O xurado nomeado para esta edición foi: **Xabier López López** nomeado pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega, **Inmaculada Otero Varela** nomeada pola Asociación Galega da Crítica, **Marría del Rosario Pita Villares**, gañadora do 27º Certame de Narracións Breves "Manuel Murguía" e Alfredo Ferreiro, coordinador literario do certame, que actúa sen voz e sen voto.

**O 27 de abril de 2019**, reúnese o xurado para decidir por unanimidade conceder os premios ás seguintes obras:

- 3º premio: dotado con 600,00 € e a edición da obra ao relato "Crónica de ningures", presentado baixo o lema "Reler" e que corresponde a Francisco Rozados Rivas.
- 2º premio: dotado con 1.500,00 € e a edición da obra ao relato "A idade do escarnio", presentado baixo o lema "Catafracta" e que corresponde a Tito Pérez Pérez.

- 1º premio: dotado con 4.000,00 € e a edición da obra ao relato “A casa das Castrouteiro” presentado baixo o lema “Emílio Conde” e que corresponde a Daniel Barral Calvo.

**O 2 de maio de 2019** publicouse o **Programa Cultural Manuel Murguía** que incluíu unha especial selección de actividades para conmemorar o mes das Letras Galegas: artes gráficas, música e ofrendas florais aparte da Entrega dos premios do certame.

**O venres 03 de maio** púidose asistir a un monólogo de Fredi Cruxer no Auditorio do CSC de Meicende e paralelamente, no Auditorio do CCC de Arteixo estivo Silvia Penide ca presentación do seu novo disco “El efecto boomerang” con gran éxito ante o público.

**Do 9 ao 22 de maio** púidose visitar na sala de exposicións do CCC de Arteixo a exposición da Deputación da Coruña “XIII Premio de Arte Gráfica Jesus Núñez”

**O xoves 9 de maio** ás 20:00 h, deuse a coñecer, nun acto público, o nome das persoas gañadoras do **28º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía**. Os premios contaron coa seguinte dotación: 4.000 € para o primeiro, 1.500 € para o segundo e 600 € para o terceiro. O acto de entrega ofreceu, ademais, unha actuación de Quico Cadaval e Celso F. Sanmartín con “Os contos de Joselín” e un viño de honra como fin de festa.

**O venres 10 de maio** ofreceuse un concerto de Gonçalo Guerreiro, en homenaxe a Fernando Pessoa, no Auditorio do CCC de Arteixo.

**O venres 17 de maio** ás 13:30 h realizouse a tradicional **Ofrenda Floral no Monolito de Manuel Murguía** situado na Urbanización Sol e Mar de Oseiro, acto organizado pola Asociación de Veciños Manuel Murguía en colaboración co Concello de Arteixo.

**O venres 31 de maio** ás 20.00 h pechouse a programación do programa cultural Manuel Murguía co concerto de Jazz de Marina Gundín & The Misters, dentro do II Festival Metropolitano de Música e Artes pola Igualdade “Elas son artistas” no Auditorio do CCC de Arteixo.

\*\*\*\*\*

**O 14 de novembro de 2019** presentáronse as bases do 29º certame de narracións breves e o libro “A secreta melancolía da garza” publicado pola editorial Galaxia no que se recompilan os textos premiados das edicións de 2016 a 2018. O relato que mereceu o primeiro premio na 27ª edición non figura neste volume unicamente por desexo da súa autora, Teresa Moure.

Arredor do libro (mercáronse 250 exemplares) estableceuse unha tertulia pública coa presenza de José Antonio Lozano, Mercedes Leobalde e Tiago Alves Costa, persoas gañadoras dos tres últimos anos así como o alcalde de Arteixo, Carlos Calvelo, o deputado de Cultura da Deputación da Coruña Xurxo Couto e do escritor Xavier Alcalá, que representa á Editorial Galaxia e o director literario do certame, Alfredo Ferreiro.

O Concello de Arteixo, para contribuír ao desenvolvemento da narrativa galega e honrar ao noso patriarca, convoca con carácter anual o 29º Certame de narracións breves Manuel Murguía coas seguintes:

## **BASES**

1. Poderán concorrer todas as autoras e autores que o desexen cunha única obra, de temática libre e escrita en lingua galega. Non poderán participar nesta convocatoria as persoas incursas nalgunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiarios/as que establece o artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LGS).

2. Os relatos, que deberán ser orixinais e inéditos en calquera soporte (papel, electrónico, etc.), deberán ofrecer unha extensión non inferior a 15 páxinas nin superior a 30, estar escritos por unha soa cara con letra Arial, corpo 12, con dobre espazo interlinear e tamaño DIN A4.

3. Os traballos presentaranse por cuadruplicado e incluírán unicamente na portada o título da obra e un lema ou pseudónimo. Xuntarase unha copia do texto nunha memoria USB ou CD en formato LibreOffice, Word ou similar. Nun sobre pechado, no que tamén serán visibles o título e o lema, achegaranse no seu interior o título, o lema, o currículo da persoa autora, a copia do NIF, o nome, o enderezo, o teléfono e correo electrónico, unha declaración expresa de que a obra é inédita e que non foi premiada, ata a data da súa presentación, en ningún outro certame ou premio, un escrito no que dea a súa conformidade á cesión dos dereitos de edición da obra (incluídos os de publicación, distribución e explotación) por un prazo de 5 anos desde a data de concesión do premio e unha declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na plica, de conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

4. O prazo de presentación de orixinais comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e rematará o 29 de febreiro de 2020.

5. Non se admitirá máis de unha obra por autor/a. Deberá enviarse sen remite e facendo constar no sobre "29º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía" ao seguinte enderezo:

Concello de Arteixo  
Praza Alcalde R Dopico, nº 1  
15142 Arteixo  
A Coruña

6. Establécense tres premios: un primeiro premio dotado con 4.000,00 €, un segundo de 1.500,00 € e un terceiro de 600,00 €, todos eles sometidos á correspondente dedución do IRPF, e serán aboados mediante transferencia bancaria á conta que indiquen os/as premiados/as.

7. O xurado, constituído por membros de recoñecida solvencia, será designado polo Concello de Arteixo e fará pública a súa decisión inapelable no mes de maio de 2020. Adoptará os acordos por maioría de votos e reservarase o dereito de declarar desertos todos ou algúns dos premios se as obras presentadas non reuniran os méritos suficientes.

8. A proposta do xurado será presentada á Xunta de Goberno, que é o órgano competente para convocar e conceder os premios.

9. Os tres finalistas deberán estar presentes o día 15 de maio de 2020 no acto de entrega para recibir os premios, salvo ausencia debidamente xustificada. Ningún participante poderá obter máis dun premio.

10. Os orixinais non premiados poderán ser devoltos, sempre que o soliciten os seus autores/as por escrito, no prazo máximo de 1 mes a partir do ditame. Os orixinais restantes serán destruídos unha vez transcorrido o devandito prazo.

11.A contía dos premios inclúe o pagamento dos dereitos de autor relativos á primeira edición das obras no ámbito dun volume colectivo que poderá publicarse nos 5 anos seguintes á concesión dos galardóns. As persoas autoras farán constar en edicións en papel ou electrónicas posteriores da súa obra que foi premiada neste certame.

12.De conformidade co disposto no artigo 14.1.e) LGS, as persoas premiadas deberán acreditar que se atopan ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e non ser debedores ao Concello de Arteixo por calquera concepto.

13.O xurado terá competencia para interpretar estas bases. Calquera circunstancia non prevista nas presentes bases será resolta pola organización da maneira máis convinte para o desenvolvemento do certame.

14.De conformidade co que dispón a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Arteixo, para o envío de información relacionada co Certame de Narracións Breves Manuel Murguía. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito no Rexistro Xeral do Concello de Arteixo.

15.O feito de participar no certame supón a total aceptación das presentes bases.

**O 5 de marzo de 2020** realízase a apertura de sobres cos relatos participantes neste 29º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía. **Preséntanse 71 textos e a organización rexeita 2 por non axustarse aos requisitos formais estipulados nas bases, concorrendo finalmente un total de 69 relatos.**

O xurado nomeado para esta edición foi: **María Canosa Branco** nomeada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, **Alba Cid Fernández** nomeada pola Asociación Galega da Crítica, **Daniel Barral Calvo**, gañador do 28º Certame de Narracións Breves "Manuel Murguía" e Alfredo Ferreiro, director literario do certame, que actúa con voz e sen voto.

**O 18 de abril de 2020**, reúnese o xurado mediante videoconferencia para establecer unha listaxe ordeada do 1º ao 6º para conceder os 3 premios contemplados nas bases da convocatoria. Deciden conceder os premios ás seguintes obras:

- 3º premio: dotado con 600,00 € e a edición da obra ao relato "A herdeira", presentado baixo o lema "Fluorescencia" e que corresponde a Alejandro Mene Pazos.
- 2º premio: dotado con 1.500,00 € e a edición da obra ao relato "O último día de outono", presentado baixo o lema "Refugallo" e que corresponde a Esteban Brea Castro.
- 1º premio: dotado con 4.000,00 € e a edición da obra ao relato "Silencios náufragos" presentado baixo o lema "Raqueiro" e que corresponde a Patricia Torrado Queiruga.

O 15 de maio desenvolveríase o acto de entrega para recibir os premios pero ante as especiais circunstancias debido a crise do Coronavirus neste ano 2020 non foi posible levar a cabo ningunha actividade presencial.

\*\*\*\*\*

O 13 de novembro de 2020 ás 20:00 h no Auditorio do CCC de Arteixo presentáronse as bases do **30º Certame de narracións breves Manuel Murguía e co gallo do 30 aniversario**, instalouse unha escultura de Dores Polo e Benito Freire na entrada do Centro Cívico coa participación do alcalde Carlos Calvelo e a actuación de Black, que interpretaron soul e literatura, un paseo pola música negra.

Ademais como novidade nas bases increméntase a dotación do segundo e terceiro premio.

*O Concello de Arteixo, para contribuír ao desenvolvemento da narrativa galega e honrar ao noso patriarca, convoca con carácter anual o 30º Certame de narracións breves Manuel Murguía coas seguintes:*

#### **BASES**

**1. Poderán concorrer** todas as autoras e autores que o desexen cunha única obra, de temática libre e escrita en lingua galega. Non poderán participar nesta convocatoria as persoas incursoas nalgunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiarios/as que establece o artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

**2. Os relatos, que deberán ser orixinais e inéditos** en calquera soporte (papel, electrónico, etc.), deberán ofrecer unha extensión non inferior a 15 páxinas nin superior a 30, estar escritos por unha soa cara con letra Arial, corpo 12, con dobre espazo interlinear e tamaño DIN A4.

**3. Os traballos presentaranse** por cuadruplicado e incluírán unicamente na portada o título da obra e un lema ou pseudónimo. Xuntarase unha copia do texto nunha memoria USB ou CD en formato LibreOffice, Word ou similar. Nun sobre pechado, no que tamén serán visibles o título e o lema, achegaranse no seu interior o título, o lema, o currículo da persoa autora, a copia do NIF, o nome, o enderezo, o teléfono e correo electrónico, unha declaración expresa de que a obra é inédita e que non foi premiada, ata a data da súa presentación, en ningún outro certame ou premio, un escrito no que dea a súa conformidade á cesión dos dereitos de edición da obra (incluídos os de publicación, distribución e explotación) por un prazo de 5 anos desde a data de concesión do premio e unha declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na plica, de conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**4. O prazo de presentación** de orixinais comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e rematará o 28 de febreiro de 2021.

**5. Non se admitirá máis de unha obra** por autor/a. Deberá enviarse sen remite e facendo constar no sobre "30º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía" ao seguinte enderezo:

Concello de Arteixo  
Praza Alcalde R Dopico, nº 1  
15142 Arteixo  
A Coruña

**6. Establécense tres premios:** un primeiro premio dotado con 4.000,00 €, un segundo de 2.000,00 € e un terceiro de 1.000,00 €, todos eles sometidos á correspondente dedución do IRPF, e serán aboados mediante tranferencia bancaria á conta que indiquen os premiados.

**7. O xurado**, constituído por membros de recoñecida solvencia, será designado polo Concello de Arteixo e fará pública a súa decisión inapelable no mes de maio de 2.021. Adoptará os acordos por maioría de votos e reservarase o dereito de declarar desertos todos ou algúns dos premios se as obras presentadas non reuniran os méritos suficientes. Percibirán, en concepto de honorarios pola súa labor as cantidades que a tal efecto se acorden. Estes honorarios estarán suxeitos aos impostos e retencións legais que lles sexan de aplicación.

**8. A proposta do xurado** será presentada á Xunta de Goberno, que é o órgano competente para convocar e conceder os premios.

**9. Os tres finalistas** deberán estar presentes o día 14 de maio de 2021 no acto de entrega para recibir os premios, salvo ausencia debidamente xustificada. Ningún participante poderá obter máis dun premio.

**10. Os orixinais non premiados** poderán ser devoltos, sempre que o soliciten os seus autores/as por escrito, no prazo máximo de 1 mes a partir do ditame. Os orixinais restantes serán destruídos unha vez transcorrido o devandito prazo.

**11. A contía dos premios** inclúe o pagamento dos dereitos de autor relativos á primeira edición das obras no ámbito dun volume colectivo que poderá publicarse nos 5 anos seguintes á concesión dos galardóns. As persoas autoras farán constar en edicións en papel ou electrónicas posteriores da súa obra que foi premiada neste certame.

**12. De conformidade co disposto** no artigo 14.1.e) LXS, os premiados deberán acreditar que se atopan ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e non ser debedores ao Concello de Arteixo por calquera concepto.

**13. O xurado terá competencia** para interpretar estas bases. Calquera circunstancia non prevista nas presentes bases será resolta pola organización da maneira máis convinte para o desenvolvemento do certame.

**14. De conformidade co que dispón** a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Arteixo, para o envío de información relacionada co Certame de Narracións Breves Manuel Murguía. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito no Rexistro Xeral do Concello de Arteixo.

**15. O feito de participar no certame** supón a total aceptación das presentes bases.

**O 8 de marzo de 2021** realízase a apertura de sobres cos relatos participantes neste 30º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía. **Preséntanse 77 textos e a organización rexeita 7 por non axustarse aos requisitos formais estipulados nas bases, concorrendo finalmente un total de 70 relatos.**

O xurado, composto por **Álex Mene Pazos** (terceiro premio na 29ª edición), **Beatriz Maceda Abeleira** (escritora representante da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega), **Inma Otero Varela** (crítica representante da Asociación Galega da Crítica) e Alfredo Ferreiro Salgueiro (director literario do Certame, que asistiu como



secretario, con voz e sen voto) reúnen-se telematicamente o 18 de abril de 2021 decidindo por unanimidade conceder os tres premios ás seguintes obras finalistas (neste caso por orde alfabética de título):

*A caverna de Lara*, presentado baixo o lema "Moura do Bosque"

*As orfas daquel verán*, presentado baixo o lema "Maggie Moon"

*Xanelas*, presentado baixo o lema "Rosalía Pousada"

Os premios, que se coñecerán durante a cerimonia, contan coa seguinte dotación: 4.000 € para o primeiro, 2000 € para o segundo e 1000 € para o terceiro. Aumentan, por tanto, o segundo premio en 500 € e o terceiro en 400 €.

A organización agradece de novo as colaboracións da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e da Asociación Galega da Crítica para a constitución do xurado, o que non deixa de consolidar o rigor do Certame no contexto sistema literario galego.

O acto de entrega que terá lugar o venres 14 de maio ás 19:30 h contará coa actuación de Xurxo Souto, quen ademais conducirá o acto. O evento incluírá tamén unha lembranza da figura de Xela Arias, escritora homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas.

Previamente inaugúrase o *Paseo das Letras*, unha homenaxe a todos/as as persoas gañadoras destes 30 anos de galardón mediante a súa propia placa conmemorativa; tamén será prantada unha árbore, como vén sendo habitual en cada aniversario.

Por outra parte, aquelas persoas que acudan ao evento poderán desfrutar dunha escultura de Dores Polo e Benito Freire situada perante a fachada do Centro Cívico Cultural de Arteixo e visitar a exposición de acuarelas de Alfonso Deus Santos que ten por título "Diario dunha cuarentena".